






XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL



UNIÓN EUROPEA

**FONDO EUROPEO DE
DESARROLLO
REGIONAL**
"Unha maneira de facer Europa"

ÍNDICE

1.	CRITERIOS PARA A IDENTIFICACIÓN DO TRAZADO E TERRITORIO HISTÓRICO.....	1
1.1.	CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TRAZADO	1
1.2.	CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TERRITORIO HISTÓRICO	2
1.3.	DELIMITACIÓN GRÁFICA DO TRAZADO	3
1.4.	BASES CARTOGRÁFICAS.....	4
2.	ANTECEDENTES HISTÓRICOS	5
3.	DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO.....	7
3.1.	DESCRICIÓN DA PROPOSTA	7
3.2.	XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO	10
4.	ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO	14
5.	DESCRICIÓN DO ÁMBITO	17
6.	ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO	18
7.	ANEXO FOTOGRÁFICO (2010-2014)	19
8.	ANEXO PLANOS	47



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL



**FONDO EUROPEO DE
DESARROLLO
REGIONAL**
"Unha maneira de facer Europa"
UNIÓN EUROPEA

1. CRITERIOS PARA A IDENTIFICACIÓN DO TRAZADO E TERRITORIO HISTÓRICO

1.1. CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TRAZADO

Boa parte do itinerario coñecido como Camiño Inglés é coincidente cos Camiños Reais que comunican as cidades de A Coruña e Ferrol coa de Santiago de Compostela. A metodoloxía executada no proxecto de delimitación que conduce a este expediente ten en conta este feito, sendo a existencia de vestixios funcionais do Camiño Real o principal criterio para a delimitación do trazado.

Os criterios específicos de delimitación da traza principal do Camiño Inglés son:

- Recuperación das trazas conservadas do Camiño Real alí onde exista.
- Para dar continuidade ao camiño tradicional nos lugares onde este teña desaparecido buscouse unha traza funcional, capaz de asegurar o tránsito, que discorra por camiños públicos, que siga a mesma lóxica territorial dos camiños tradicionais e que, ademais, posúa os seguintes valores:
 - Valores patrimoniais de todo tipo.
 - Valores medioambientais, en estreita relación coa paisaxe cultural, pero que contemple tamén aspectos fisiográficos e de relevo.
 - Seguridade para o tránsito de peregrinos, nas súas diferentes modalidades.

Ademais da traza principal, a delimitación abarca trazados de vestixios históricos e trazados complementarios:

- Os trazados de vestixios históricos están compostos pola traza do Camiño Real desaparecida pero da que hai constancia documental, ou ben traza conservada pero non transitable ou non funcional.
- Os trazados complementarios son aqueles que, na mesma liña de tránsito da peregrinación, permiten o acceso a lugares significativos ou salvan pasos con difícil continuidade para o camiñante.


TRAZADO DO CAMIÑO		Comprende a delimitación realizada en virtude das consideracións anteriores. Será o Camiño Delimitado e polo tanto o que establece a Lei 3/1996. O seu percorrido será continuo dende os Concellos de Ferrol e A Coruña ata Santiago de Compostela.
TRAZADO DE VESTIXIOS HISTÓRICOS		Traza do Camiño Real desaparecida pero da que hai constancia documental, ou ben traza conservada pero non transitable ou non funcional.
TRAZADO COMPLEMENTARIO		Trazados que, na mesma liña de tránsito da peregrinación, permiten o acceso a lugares significativos ou salvan pasos con difícil continuidade para o camiñante.

1.2. CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TERRITORIO HISTÓRICO

En xeral, a delimitación ten como referencia unha banda mínima a cada lado do camiño duns 100 metros, engloba as áreas de protección dos elementos patrimoniais próximos ao camiño e os núcleos de poboación polos que pasa o camiño ou que se atopan na súa contorna inmediata.


Diferéncianse tres ámbitos que argumentan a delimitación:

– Áreas rurais nas que se conserva a paisaxe cultural tradicional.



Imaxe da delimitación no Concello de Abegondo.

– Áreas rurais nas que a paisaxe cultural tradicional foi substituída por paisaxes de enxeñaría agraria. Atendendo a criterios de visibilidade e de elementos culturais e naturais próximo, inclúense as parcelas catastrais.



Imaxe da delimitación no Concello de Oroso.

- Áreas urbanas nas que o crecemento urbanístico borrou a paisaxe tradicional. En xeral, conforman o territorio as parcelas e espazos comúns públicos lindeiros co camiño.



Imaxe da delimitación no Concello de A Coruña.

1.3. DELIMITACIÓN GRÁFICA DO TRAZADO

A delimitación gráfica do trazado levouse a cabo tal e como se establece na Lei 3/1996. Segundo o establecido por esta, nos artigos 6 e 16, a delimitación do Camiño estará constituída pola plataforma por onde discorre, tendo que delimitarse unha zona lateral de protección do Camiño de tres metros a partir das arestas desta e unha zona de protección do contorno de trinta metros a partir da mesma aresta.

Naqueles casos nos que haxa que recuperar tramos do Camiño, e segundo o artigo 1, a anchura virá constituída por unha franxa de, polo menos, tres metros. Cando o Camiño discorra por pontes formará parte deste o terreo ocupado polos soportes da estrutura.



Imaxe da delimitación gráfica do trazado nos Concellos de Santiago de Compostela e Paderne.

1.4. BASES CARTOGRÁFICAS

As bases cartográficas constitúen un elemento imprescindible para a plasmación gráfica da delimitación que se pretende levar a cabo. Seguindo un criterio de homoxeneización da cartografía a empregar para todo o territorio obxecto de estudo empréganse dúas fontes de información: a cartografía 1/5.000 da Xunta e as extraccións a data de xuño de 2012 das bases catastrais dos Concellos obxecto de estudo.

Con estas bases cartográficas melloradas a escala de traballo empregada para a delimitación foi 1/2.000, se ben a escala xeral de representación empregada é 1/10.000.

De cara a identificar os trazados de carácter histórico empregouse a ortofoto correspondente ao voo e catastro do ano 1956 así como, entre outros, cartografía variada do século XVIII, o mapa eclesiástico de 1825, a Carta Xeométrica de Galicia de Domingo Fontán de 1845, o mapa do exército da provincia da Coruña de 1884 así como o itinerario militar do mesmo ano ou a serie cartográfica MTN 50.000 dos anos 1929 a 1949 do Instituto Xeográfico Nacional.

Para os traballos de delimitación empregáronse ademais as ortofotos máis recentes dispoñibles do ámbito obxecto de estudo. Para iso se ha contado co voo do PNOA correspondente ao ano 2008.

2. ANTECEDENTES HISTÓRICOS

A historia de Santiago de Compostela non se pode entender sen a aparición dos restos do apóstolo Santiago. No Breviario dos Apóstolos, de fins do século VI fálase da predicación de Santiago en España e do seu enterramento no Arca Marmárica. Pero será entre os anos 820-830, época na que o territorio galaico pertencía xa á monarquía asturiana, cando o eremita don Pelaio atope os restos do Apóstolo. Pronto o Bispo acude ao lugar e inmediatamente comunica o achado ao rei Alfonso II, quen visita o lugar do campo de estrelas acompañado dos seus nobres, sendo esta a primeira peregrinación a Compostela. O rei manda levantar unha igrexa en honra ao apóstolo, ampliada posteriormente polo seu sucesor, Alfonso III. Este é o punto de partida da historia do Camiño Xacobeo, e ao longo del construíranse unha serie de edificacións relixiosas cunhas características comúns que culminarán na creación do primeiro estilo artístico internacional, o Románico.

O prestixio sempre crecente do santuario galego explota dun modo impresionante na segunda metade do século XI, para transformarse nun fenómeno de magnitudes xigantescas, xa entrado o século XII, converténdose Santiago de Compostela nun dos tres grandes centros de peregrinación cristián, xunto a Roma e Xerusalén.

A fábrica románica da Catedral compostelá correspóndese con este período de auxer, xa que as súas obras iniciáronse no 1075, consagrándose a capela maior no 1122.

No século X Compostela tiña un pequeno sistema defensivo que foi destruído polos musulmáns nun ataque de Almanzor no 997, polo que, o ano seguinte se constrúe unha muralla de dous quilómetros, con torreóns rodeando o que hoxe é o Casco Vello. Sete portas daban acceso á vila: a Porta do Camiño, por onde entraban os peregrinos franceses; Porta da Pena, por onde entraba o Camiño Inglés; Porta de San Francisco; Porta de Trindade; Porta da Mámoa; Porta Faxeira, atravesada polo Camiño Portugués; e a Porta de Mazarelos, a única que chegou ata os nosos días.

A importancia que cobrou Santiago no século XII débese tamén en gran medida ao gran impulso proporcionado polo arcebispo Diego Xelmírez, quen se verá ao tempo involucrado nos conflitos sucesorios entre a raíña Dona Urraca e o seu fillo Afonso Reimundez.

Os séculos XIV e XV foron tempos de gran axitación debido á loita da burguesía compostelá contra o poder da igrexa e ás guerras Irmandiñas, mentres a mitra compostelá sofre unha importante degradación económica; a familia Fonseca rexe agora o destino da cidade. En 1495 fúndase o colexio de estudantes pobres, xerme da actual universidade, instituída por Alonso de Fonseca III en 1525. Desde ese momento Santiago comeza a adquirir un forte carácter académico e estudantil que perdurará ata os nosos días.

Por outra banda, é preciso destacar o Castelo da Rocha, unha das primeiras edificacións derrubadas polos Irmandiños. O edificio converterase no refuxio dos arcebispos de Compostela, un lugar onde protexerse cando había problemas. Algo semellante ao Castelo de Sant'Angelo para os papas en Roma. No século XV, a Rocha convértese nun edificio odiado e temido polos labregos da zona, debido aos abusos que as tropas do arcebispo cometían sobre a poboación. Sobre estes abusos realizáronse diversas denuncias que quedaron rexistradas para o futuro no Libro do Concello de Santiago.

Os primeiros anos do século XVI supoñen a transformación do núcleo monumental compostelán, iniciada polos Reis Católicos coa construción do Hospital Real. A súa finalidade era a atención a enfermos e peregrinos, segundo consta na inscrición do friso da portada. O proxecto era dos mestres franceses Martín de Blas e Guillén de Colás. O máis destacado é a capela oxival que se conserva no seu interior, declarada Monumento Nacional en 1912. Xunto a este hospital, o arcebispo Xelmírez funda posteriormente o de San Roque para combater a epidemia de peste que asolaba a vila. Ademais, desta mesma tipoloxía erguíase un lazareto ás aforas.

O renacemento suporá unha eclosión de edificios civís para cubrir as necesidades dunha burguesía crecente, ao tempo que as xurdiras no eido administrativas como edificios públicos, grandes prazas e xardíns.

É a partires do XVII e sobre todo do XVIII, coa escola barroca compostelá, cando Santiago se transforme na cidade que coñecemos actualmente, coa construción da fachada do Obradoiro, o Mosteiro de San Francisco, a fachada do Mosteiro de San Martiño Pinario, fronte á que se sitúa a fachada de Acibechería, porta de entrada do Camiño Inglés na Catedral, ou o Convento de Santa Clara.

En 1766, a construción do Pazo de Raxoi presenta o fin do barroco. O edificio neoclásico pecha a Praza do Obradoiro fronte á Catedral. Este albergaría o Consistorio dende 1772, e o Goberno Autónomo de Galicia dende 1980.

As actividades económicas no século XVIII móvense cara á costa, polo que as vilas interiores van perdendo pulo. Desde entón, Santiago de Compostela é unha dinámica cidade con una forte actividade universitaria, cultural, relixiosa, sanitaria e administrativa, declarada no 1985 Patrimonio da Humanidade pola UNESCO.

3. DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO

3.1. DESCRICIÓN DA PROPOSTA

Tras cruzar a ponte sobre o río Tambre, o camiño Inglés inténase no municipio de Santiago Compostela discorrendo pola estrada N-550. Este vial mantén as características propias dunha travesía, dispoñendo de beirarrúas a ambos os dous lados. Con edificacións dispersas nos laterais, supérase o desvío da estrada AC-250 e continúaase en ascenso pola N-550 ata A Polveira. Previamente á estación de servizo, o trazado abandona a estrada nacional para tomar unha pista asfaltada que ascende entre muros de peche de terreos.

Os muros dan paso á vexetación e a pendente estabilízase. No primeiro cruzamento, a ruta xira cara ao sueste para tomar unha mal asfaltada estrada de trazado rectilíneo. A ambos os dous lados da pista sitúanse campos de millo e outros cultivos. Tras un xiro cara ao sur, aparecen diversas vivendas unifamiliares cuxos peches se levantan fronte ao camiño. A pista converxe noutra maior no núcleo de A Caluba. Toma esta estrada xirando cara ao oeste, o que conduce a unha ponte sobre a autoestrada AP-9.

Inmediatamente despois do paso sobre a AP-9, toma unha pista asfaltada que discorre en paralelo á autoestrada, a maior cota. É así ata chegar a un novo cruzamento onde se xira á dereita para tomar unha pista que se dirixe cara á poboación de Vilar. Por esta pista o peregrino pasa entre as casas que forman Vila de Marantes ata tomar un sendeiro que nace xunto a un milleiral.

O sendeiro é ancho e ben marcado, polo que resulta cómodo o tránsito por el. Avanza con pouco desnivel entre carballeiras e algúns castiñeiros, alternándose estes a terreos agrícolas. Con este ámbito amable, o camiño culmina noutra pista asfaltada. Tómake esta pista xirando á dereita para poucos metros despois xirar á esquerda por outra pista asfaltada, en dirección a Marantes. Esta pista, máis ancha que as anteriores, discorre con trazado recto entre campos de labor e pequenos piñeirais. No ámbito máis próximo sucédense as edificacións dispersas de Marantes.

A chegada a un novo cruzamento obriga a tomar a estrada AC-462 en dirección oeste. O tránsito por este vial é breve, xa que a ruta toma a primeira pista que xorde no lado esquerdo. Esta pista asfaltada presenta unha traza recta que discorre entre terreos agrícolas e zonas de matogueiras. O desnivel permite que o peregrino poida considerar fronte a el unha ampla perspectiva do ámbito, onde xorden os outeiros e a vía férrea de Alta Velocidade se cruza no horizonte.

O descenso leva ao núcleo de A Lameira, sen que a pista realice ningún xiro. O ámbito segue caracterizado por terreos agrícolas e terreos cercados. Chégase a un novo cruzamento no que se continúa recto por un sendeiro de terra que discorre entre pequenos arboredos, arbustos e prados. A senda xira decididamente cara á esquerda e marca un trazado recto que ascende ao final. Pasando xunto a milleirais, prados e árbores dispersas, a ruta desemboca nunha pista asfaltada que obriga a xirar cara á dereita, situándose en paralelo á N-550 no ámbito da poboación de Aqualada. Proseguindo por esta pista, pásase xunto a terreos con vivendas unifamiliares de recente construción. Deixando atrás as vivendas, a estrada continúa recta en suave descenso nun ámbito de bosque mixto. A estrada xira en lugar onde xorde un camiño que continúa na mesma dirección.

Este camiño ten ben marcadas as rodadas dos vehículos agrícolas. A súa traza é practicamente rectilínea e tras pasar xunto a un bosque de piñeiros e carballos, prosegue entre campos de pastos e cultivos. O camiño conclúe nunha pista asfaltada, pola cal se continúa xirando á esquerda ata chegar á estrada N-550 á altura dos Curros.

O Camiño xira unha vez máis cara ao sueste e inténase no lugar de Forte en lixeiro descenso entre vivendas e peches tradicionais de parcelas ata volver atoparse coa estrada N-550. Xusto antes de chegar á

calzada toma unha pista á dereita que se converterá nun sendeiro que discorre ao outro lado da protección da estrada ata alcanzar a ponte sobre o río Sionlla. Uns metros máis adiante o sendeiro tópase cunha marquesiña de autobuses e faise impracticable debendo saír á beiravía da estrada.

O Camiño torna cara á dereita dirixíndose ao complexo escolar de Sionlla. Unha vez pasadas as devanditas instalacións afóntase a suba ao castro de Formaris pasando por debaixo da liña ferroviaria Santiago - A Coruña. Tras un duro tramo de ascenso alcánzase un campo de fútbol que se deixa á esquerda para tomar unha pista de terra que bordea o castro de Formaris polo seu flanco oeste. Unha vez alcanzada a cota máis alta, o Camiño descende cara a Formaris por unha sombría pista pedregosa.

A pista chega a unha nave que bordea polo seu lado sur e inténase nunha carballeira que discorre de xeito practicamente paralelo á estrada N-550 polo noroeste das instalacións do Hotel-Restaurante Castro. Unha vez deixa atrás o complexo hoteleiro xira á dereita para internarse nun camiño que polo límite sur da carballeira descende cara ao rego Salgueiro. Un novo camiño ábrese a man esquerda. Segue en dirección oeste ata alcanzar o rego e acompáñao durante uns metros baixo un arboredo espeso que dá paso ao agro de O Barral.

A medio camiño entre a zona arborada e o núcleo parte unha pista de concentración parceira que en dirección sueste alcanza a parte posterior das naves do polígono industrial do Tambre. Tras rodealas o Camiño desemboca directamente na Vía Galileo do polígono.

A ruta xacobeá pasa a discorrer por un ámbito urbano industrial, de amplas rúas pavimentadas. O trazado avanza pola Vía de Galileo, cruza a Vía de Edison e continúa recto ata a Vía de Pasteur. Prosegue pola rúa das Mulas, pasando fronte ao cemiterio de Boisaca. Abandonado xa o polígono do Tambre, o peregrino continúa pola rúa das Machos que pasa a ser unha estrada sen beirarrúas nin beiravía. Esta estrada culmina cun tramo en suba con beirarrúas, no enlace coa rúa do Tambre. No ámbito deste cruzamento xa se levantan algunhas das edificacións pertencentes a Meixonfrío.

A rúa do Tambre discorre nun ambiente rural, no que as vivendas illadas se alternan aos terreos de labranza. O trazado continúa pola rúa do Meixonfrío, eixe principal do casco histórico desta poboación, xa integrada na cidade de Santiago. O tránsito pola rúa máis antiga de Meixonfrío transcorre entre edificacións de arquitectura tradicional, con algunhas delas conservando os seus muros de cachotaría orixinais. A edificación é densa e a rúa vai estreitando a medida que se avanza en dirección á catedral compostelá. Un ensanchamento da rúa en baixada supón a confluencia coa rúa do Tambre.

Continuando pola rúa do Tambre, brevemente chégase á Avenida do Cruceiro da Coruña. O peregrino cruza esta avenida e diríxese pola rúa Mallou ata chegar ao cruceiro da Coruña. Este cruceiro érguese nunha pequena praza entorno á cal sitúanse edificios de vivendas de baixa altura e parcelas privadas. Continúase en lixeiro ascenso pola rúa da Queimada, pasando fronte a construcións tradicionais de cantería. Tras realizar un dobre xiro en descenso, o trazado prosegue pola rúa dos Salgueiriños de Abaixo, na cal xa se levantan modernos edificios de vivendas da zona urbana de Santiago de Compostela.

A rúa dos Salgueiriños de Abaixo mantén unha traxectoria practicamente recta, tan só alterada por lixeiras curvas. Presenta bloques de pisos construídos de xeito descontinuo e beirarrúas en ambos os dous lados. Ao pasar fronte a unha das parcelas sen edificar, pódense contemplar as agullas das torres da catedral asomando sobre o casco histórico compostelán. O trazado prosegue pola mesma rúa e descende para tomar a rúa dos Salgueiriños de Arriba. Esta rúa de curta traxectoria desemboca na Praza de España, a cal se cruza continuando pola rúa de San Caetano. A devandita rúa dispón de amplas beirarrúas empedradas e arboredo con xardíns no seu ámbito. A súa traza recta pronto se aproxima á igrexa de San Caetano.

O peregrino pasa fronte á igrexa de San Caetano, cuxa fachada principal con espadana se ergue fronte á rúa do mesmo nome. Tras atravesar a Praza da Paz, a ruta xacobeá continúa pola rúa da Pastoriza.


O paso fronte á capela da Pastoriza supón o inicio do casco histórico compostelán, coa presenza constante de construcións de tipoloxía tradicional de baixa altura. A ruta xacobeá prosegue pola rúa dos Basquiños que xira rodeando os altos muros pétreos do Mosteiro de Santa Clara. Fronte a estes muros o peregrino pode contemplar as torres da catedral asomando no horizonte compostelán. A ruta toma a rúa de Santa Clara, con calzada de lastras e beirarrúas empedradas. No primeiro tramo desta rúa, o trazado discorre entre o Mosteiro de Santa Clara e o Convento do Carme.

Deixando atrás os edificios monásticos, o camiño prosegue pola rúa dos Loureiros, en cuxo lateral dereito se levantan as fachadas das vivendas de tipoloxía tradicional, con fachadas de cadeirado e revestimento en cor branca con carpintaría enrasada. No lateral esquerdo da rúa alternanse fachadas con muros de peche dos patios traseiros da rúa de San Roque. Continuando pola rúa da Porta da Pena, o trazado inténase no antigo recinto amurallado da cidade de Santiago. Os edificios gañan en calidade arquitectónica e certa altura mentres o pavimento apenas presenta desniveis entre a parte central adoquinada e os laterais empedrados.

A chegada á Praza de San Martiño Pinario posibilita contemplar a fachada principal da igrexa pertencente ao mosteiro do mesmo nome. Continúa sen cambiarse de dirección pola rúa da Fonte de San Miguel, con chan empedrado. Crúzase a rúa de Abril Ares e proséguese pola rúa da Troia, onde se sitúa a Casa-Museo "Casa da Troia". A citada rúa estréitase a medida que se avanza por ela, dispoñendo o tramo final de pouco máis dun metro. A rúa da Troia desemboca na rúa da Acibechería, pola que se xira á dereita. Neste punto o Camiño Inglés unifícase co trazado do Camiño Francés.

Dende a rúa da Acibechería existen dúas posibilidades para chegar á Catedral compostelá. Unha delas consiste en xirar pola Vía Sacra e pasar fronte á igrexa do Mosteiro de San Paio de Antealtares. As escaleiras conducen á Praza da Quintana e á Porta Santa da Catedral. Tamén se pode continuar pola rúa da Acibechería para despois atravesar a Praza da Inmaculada, entre o Mosteiro de San Martiño Pinario e a Catedral. Continuando pola rúa da Acibechería, o peregrino chega á Praza do Obradoiro onde se alza a fachada principal da Catedral.

3.2. XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO



Superposición do trazado de 1997 e trazados do Camiño, complementario e trazado con vestixios históricos Santiago de Compostela.
Elaboración propia

TRAZADO DO CAMIÑO



TRAZADO CON VESTIXIOS HISTÓRICOS



TRAZADO COMPLEMENTARIO





TRAZADO 1997



O trazado do Camiño Inglés que atravesa o Concello de Santiago de Compostela presenta importantes variacións respecto da delimitación levada a cabo en 1997. O feito de que esta delimitación se apoiase fundamentalmente na carretara N-550 obviaba a existencia de todo camiño tradicional de longo percorrido previo á súa construción.

A proposta de definición de trazado difire practicamente da anterior proposta dende Ponte Sigüeiro, onde son coincidentes, ata a Rúa da Pastoriza onde volven atoparse para chegar a través da Rúa dos Basquiños á Porta da Pena e dende alí ata a Catedral de Santiago de Compostela. Alí onde non foi posible a recuperación dos camiños tradicionais formuláronse trazados funcionais e delimitáronse os trazados de vestixios históricos para a súa cautela.

TRAMO OROSO - AGUALADA



O trazado proposto en 1997 internábase no Concello de Santiago de Compostela atravesando o Ponte Sigüeiro e discorría ata Meixonfrío seguindo o trazado da N-550. Non obstante o trazado do Camiño Real nese tramo non se corresponde co da devandita vía de comunicación. Aínda hoxe en día séguense mantendo varios tramos recoñecibles, onde a concentración parceira non o fixo desaparecer e na microtoponímia do lugar a súa presenza segue viva. O trazado delimitado é polo tanto, como se formulaba na definición dos criterios para a identificación dos trazados, unha traza funcional que siga a mesma lóxica territorial que os camiños tradicionais. Delimitouse tamén como trazado de vestixios históricos os tramos nos que hai constancia documental do paso do devandito Camiño Real.

TRAMO AGUALADA – MEIXONFRÍO



O trazado entre Agualada e Meixonfrío publicado en 2012 correspondíase co trazado presentado na Resolución do 31 de maio de 2011 pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural pola que se adoptan medidas preventivas para a protección do trazado histórico do tramo do Camiño Inglés entre A Sionlla e o núcleo de Meixonfrío, no concello de Santiago de Compostela. (DOG 126 do 1 de xullo de 2011).

Non obstante unhas vez estudadas as alegacións presentadas xunto coas achegas históricas que contiñan, constatáronse problemas coa identificación do trazado do Camiño Real que se resolveron coa nova delimitación do trazado.

TRAMO MEIXONFRÍO – RÚA DA PASTORIZA



O trazado proposto en 1997 discorría pola Avenida do Cruceiro de la Coruña e continuaba pola Rúa San Caetano entrando no casco monumental de Santiago. O Camiño delimitado proposto, ademais do paso polo núcleo tradicional de Meixonfrío que aínda mantén a súa morfoloxía tradicional, recupera o paso por Cruceiro de la Coruña para descender desde alí cara a San Caetano e continuar pola Rúa de la Pastoriza e a Rúa de los Basquiños cara a Porta da Pena coincidente xa co trazado de 1997

4. ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO

O primeiro tramo do trazado delimitado ao seu paso polo municipio de Santiago de Compostela discorre pola estrada N-550. Aínda que se trata dunha estrada con alta densidade de tráfico, o vial conta con beirarrúas en toda a lonxitude transitada pola ruta xacobeá.


Abandonada a N-550, o itinerario toma pistas de concentración parreira con firme asfáltico. O estado de conservación destas pistas é irregular, habendo tramos nos que estas pequenas estradas presentan bo pavimento e tramos con carencias de calidade. Alternándose a estas pistas, o trazado utiliza camiños de terra con firme mellorable, pero sen presentar problemas para o tránsito do peregrino.

Tan só hai que mencionar puntos moi concretos como nas proximidades de Vilasuso ou no sendeiro que discorre polo val do río Sionlla, onde pode xerarse barro en época de chuvias. A entrada na capital compostelá altera o carácter da ruta, converténdoa nun itinerario urbano. A este respecto, mencionaremos que o tramo entre o polígono industrial do Tambre e a poboación de Meixónfrío, o trazado apoíase nunha estrada ben pavimentada con unha beirarrúa de recente construción. Sendo esta unha vía de comunicación entre a cidade e o polígono industrial, xorde aquí un tramo de certo perigo.

O paso polo núcleo de Meixónfrío realízase pola súa rúa principal, con firme pavimentado onde o peregrino comparte o espazo ao mesmo nivel cos vehículos motorizados. Dende a saída de Meixónfrío iníciase a configuración urbana da cidade de Santiago, que non presenta ningunha dificultade ao tránsito dos peregrinos. As rúas dispoñen de beirarrúas e a circulación en bicicleta pódese realizar sen complicacións. Xa no casco histórico, o chan empedrado atopase en bo estado ata a chegada á catedral.

Para todos os tramos do Camiño recoñecidos no traballo se fai unha análise dos seus parámetros técnicos que os definen fisicamente. Deste estudo preséntase neste documento a información que resume o estado de conservación actual destes trazados, mediante o Índice de Calidade Percibida e o estado de conservación do pavimento. En ambos os dous casos defínese unha situación denominada "Recuperable/Cautela" para identificar aqueles tramos que na actualidade non poden ser transitados de forma cómoda pero que poden chegar a selo con intervencións lixeiras, e tamén aqueles tramos que debido a diversos motivos son dificilmente recuperables a curto prazo e quedan como cautela arqueolóxica.

ÍNDICE DE CALIDADE PERCIBIDA DO CAMIÑO (ICC)



	Calidade do Camiño	Lonxitude [Km]	Lonxitude [% municipal]	Lonxitude [% Camiño]
	Moi mala	4.6	29.6%	3.3%
	Mala	4.5	29.0%	3.2%
	Media	2.4	15.2%	1.7%
	Boa	2.8	17.8%	2.0%
	Moi boa	1.0	6.5%	0.7%
	Excelente	0.3	1.9%	0.2%
	Total xeral	15.6	100.0%	11.0%

Indicador creado para representar de forma sintética a conservación e calidade global de cada treito de camiño, combinando o estado de pavimento, a adecuación do entorno, a paisaxe percibida, a visibilidade e o tipo de plataforma.

CONSERVACIÓN DO CAMIÑO



	Conservación do Camiño	Lonxitude [Km]	Lonxitude [% municipal]	Lonxitude [% Camiño]
	Boa	11.2	71.8%	7.9%
	Regular	3.7	23.5%	2.6%
	Mala	0.7	4.7%	0.5%
	Total xeral	15.6	100.0%	11.0%

Estado de conservación do pavimento e plataforma do Camiño de Santiago.

5. DESCRICIÓN DO ÁMBITO

Ao atravesar a ponte medieval do río Tambre a delimitación do ámbito segue a dirección suroeste mantendo unha largura homoxénea até ao chegar ao Meixonfrío, derradeiro núcleo que atravesa o Camiño antes de entrar na cidade de Compostela. O ámbito finaliza no límite do Plan Especial da Cidade Histórica de Santiago de Compostela.

O ámbito cruza as parroquias de Santo André da Barciela, San Vicente de Marantes, Nemenzo, Verdía, San Cristovo da Enfesta, San Caetano e San Lázaro. A delimitación engloba unha grande cantidade de núcleos: A Polveira, A Caluba, O Vintecatro, Marantes, O Outeiro, Cortos, A Rúa Travesa, A Torre, A Lameira, Agualada, Vilasuso, e Meixonfrío.

Polo oeste, o límite engloba o núcleo do Valado e o de Vilar despois de atravesar a autoestrada AP-9. Toma un camiño e bordea a igrexa de Marantes pola dereita. Valéndose de pistas de concentración parcelaria o límite atravesa áreas de campos de labor e parcelas dedicadas á explotación forestal, deixando a esquerda o núcleo de Vilasuso. Neste punto rodea polo norte A Roda do Castro para seguir polo rego Salgueiro e a agra de O Barral deixando ao oeste os núcleos de As Pereiras, Barral e Garabal e atravesa o polígono industrial do Tambre polas traseiras das naves con fachada á vía de Galileo. Deixando o cemiterio de Boisaca á esquerda, o límite transcorre pola parte oeste do antigo núcleo de Meixonfrío. En dirección cara o sur e unha vez atravesada a avenida do Cruceiro da Coruña, entra na rúa Salgueiriños de Arriba para desembocar na rúa dos Irmandiños e Branco Amor. Despois de cruzar as zonas verdes e o polígono de vivendas na contorna da praza Ultreia o ámbito finaliza na rúa dos Basquiños, onde conflúe o ámbito do Plan Especial.

Polo leste o límite entra no concello de Santiago atravesando o conxunto eclesiástico da Barciela para de seguido pasar preto do castro de Caluba. Descendo pola AC-250 e dirixíndose en dirección oeste o trazado bordea o núcleo do Vintecatro despois de atravesar o cruzamento entre a estrada N-550 e a autoestrada AP9, continua cara o sur pola marxe dereita da estrada nacional. Na contorna da Rúa Travesa o límite vira cara o leste englobando os núcleos de Cortos, A Torre, A Lameira e Agualada. A delimitación atravesa e transcorre paralelo á estrada A Coruña-Tui bordeando pola dereita a antiga casa do Concello de Enfesta e o grupo formado pola Casa grande e hórreo do Forte. Deseguido pasa pola esquerda dos castros de Formaris, mámoa de Ponte Sionlla e a Finca da Medorra. De aquí atravesa o polígono industrial do Tambre polas traseiras das naves con fachada á vía de Galileo, engloba o cemiterio de Boisaca e o antigo barrio de Meixonfrío pasando pola rúa da Agriña. Tras cruzar cara ao leste engloba o barrio de Salgueiriños de Arriba pasando rúa da Queimada e Mallou. O borde deixa a esquerda o complexo administrativo de San Caetano, pasa pola rúa Touro, abarca ambas fachadas da rúa Arzúa e volve cara o norte até chegar ao cruzamento das rúas dos Basquiños e a travesa de Pastoriza. O ámbito finaliza no límite do Plan Especial da Cidade Histórica de Santiago de Compostela.



6. ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO

ELEMENTOS PATRIMONIAIS DENTRO DO ÁMBITO

NOME	LUGAR	PARROQUIA	TIPOLOXÍA	UTM_X	UTM_Y
Ponte Sigüeiro	Sigüeiro - Río Tambre	Barciela, A (Santo André) - Oroso (San Martiño)	Arquitectura civil	545.336	4.757.380
Casa no Valado	O Valado nº 7	Barciela, A (Santo André)	Arquitectura civil	544.899	4.757.447
Casa en Sigüeiro (I)	Sigüeiro nº 25 - 27	Barciela, A (Santo André)	Arquitectura civil	545.281	4.757.376
Casa en Sigüeiro (II)	Sigüeiro s/n	Barciela, A (Santo André)	Arquitectura civil	545.275	4.757.357
Casa en Sigüeiro (III)	Sigüeiro s/n	Barciela, A (Santo André)	Arquitectura civil	545.262	4.757.354
Casa con forno	Sigüeiro nº 33	Barciela, A (Santo André)	Arquitectura civil	545.305	4.757.272
Reitoral da Barciela	A Igrexa nº 40	Barciela, A (Santo André)	Arquitectura civil	545.312	4.757.222
Igrexa de San Vicente de Marantes	A Igrexa	Marantes (San Vicente)	Arquitectura relixiosa	543.776	4.756.418
Casa en Agualada	Agualada s/n	Marantes (San Vicente)	Arquitectura civil	543.452	4.754.301
Capela da Agualada	Agualada	Marantes (San Vicente)	Arquitectura relixiosa	543.340	4.754.267
Cruceiro da Capela da Agualada	Agualada	Marantes (San Vicente)	Elementos etnográficos	543.397	4.754.304
Barrio de Meixonfrío	Rúa de Meixonfrío	Santiago (San Caetano)	Arquitectura civil	538.659	4.750.164
Fonte en Meixonfrío	Rúa do Tambre	Santiago (San Caetano)	Elementos etnográficos	538.670	4.750.379
Porta de Compostela	Parque da Ponte Mantible	Santiago (San Caetano)	Varios	538.137	4.749.117
Igrexa de San Caetano	Rúa de San Caetano	Santiago (San Caetano)	Arquitectura relixiosa	538.071	4.748.857
Edificio Administrativo de San Caetano	San Caetano	Santiago (San Caetano)	Arquitectura civil	538.145	4.748.827
Monumento ao Peregrino	Praza da Paz	Santiago (San Caetano)	Varios	538.008	4.748.774
Castro de Formariz.	Formariz.	A Enfesta (San Cristovo).	Castro/Asentamento fortificado.	541.760	4.752.680
A Roda dos Mouros.	Vilasuso.	A Enfesta (San Cristovo).	Castro/Asentamento fortificado.	542.510	4.753.790
Mámoa de Ponte Sionlla.	A Ponte Sionlla.	A Enfesta (San Cristovo).	Túmulo megalítico.	541.881	4.753.255
Finca da Medorra.	O Barral.	San Caetano (Santiago).	Túmulo megalítico.	540.471	4.752.223
Castro do Cruceiro da Coruña.	O Meixonfrío.	San Caetano (Santiago).	Castro/Asentamento fortificado.	538.610	4.749.864
Campo da Torre	-	Marantes	Torre/Mota	543.500	4.754.900

7. ANEXO FOTOGRÁFICO (2010-2014)



001



002



003



004



005



006



007



008



009



010



011



012



013



014



015



016



017



018




019



020



021



022



023



024



025



026



027



028



029



030



031



032



033



034



035



036



037



038



039



040



041



042



043



044



045



046



047



048



049



050



051



052



053



054



055



056



057



058



059



060



061



062



063



064



065



066




067




068



069



070



071



072



073



074



075



076



077



078



079



080



081



082



083



084



085



086



087



088



089



090



091



092



093



094



095



096



097



098



099



100



101



102



103



104



105



106



107



108



109



110



111



112



113



114



115




116



117



118



119



120



121



122



123



124



125



126



127



128



129



130



131



132



133



134



135



136



137



138



139



140



141



142



143



144



145



146



147



148



149



150



151



152



153



154



155



156



157



158



159



160



161



162



163



164



165



166



167



168



169



170



171



172



173



174




175



176



177



178



179



180



181



182



183



184



185



186




187



188




189



190



191



192



193



194



195



196



197



198



199



200



201



202



203



204



205



206



207



208



209



210



211



212



213



214



215



216



217



218



219



220



221



222



223



224



225



226



227



228




229



230



231



232



233



234



235



236



237



238



239



240



241



242



243



244



245



246



247



248



249




250




251



252



253



254



255



256



257



258



259



260



261



262



263



264



265



266



267




268




269



270



271



272



273



274



275



276



277



278



279



280



281




282



283



284



285



286



287



288



289



290



291



292



293



294



295



296



297



298



299



300



301



302



303



304



305



306



307



308



309



310



311



312



313



314



315



316



317



318



319



320



321



322



323



324



325



326



327



328



329



330



331



332



333



334



335



336



337



338



339



340



341



342



343



344



345



346



347



348



349



350



351



352



353



354



355



356



357



358



359



360




361



362



363



364



365



366



367



368



369



370



371



372



373



374



375



376



377



378



379



380



381



382



383



384



385



386



387



388



389



390



391



392



393



394



395



396



397



398



399



400

8. ANEXO PLANOS